

## Noticia da primeira historia da literatura galega

**Carme Hermida**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

HERMIDA, CARME (2011 [1988]). “Noticia da primeira historia da literatura galega”. *Dorna*:14, 87-90. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/204>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

HERMIDA, CARME (1988). “Noticia da primeira historia da literatura galega”. *Dorna*: 14, 87-90.

\* Edición dispoñíbel desde o 25 de xaneiro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## NOTICIA DA PRIMEIRA HISTORIA DA LITERATURA GALEGA

Carme Hermida

*Escribo la historia de mi patria,  
y escribo para mi patria. ¡Quién  
sabe! Aurrerá.* (Augusto G. Besada,  
*Historia crítica de la literatura  
gallega*, 1887).

No noso intento de dar a coñece-  
los estudos que sobre literatura se fi-  
xeron no século pasado, imos centrar-  
nos hoxe na primeira historia crítica  
da literatura galega<sup>(1)</sup>.

O seu autor, Augusto G. Besada,  
foi un ilustre avogado e político tu-  
dense (1865-1919) que chegou a ser  
ministro da Facenda, Gobernación e  
Fomento e Presidente do congreso. A  
súa actividade como crítico da litera-  
tura galega céntrase en tres obras,  
*Cuadro de la literatura gallega en los  
siglos XIII e XIV* (1885), *La mujer ga-  
llega y Rosalía de Castro*, discurso de  
ingreso na Real Academia Española,  
publicado xunto coa resposta de J.  
Octavio Picón en *Rosalía de Castro*,  
Imprenta de V. Rico, Madrid, 1916, e  
a obra obxecto deste estudio, *Historia  
crítica de la literatura gallega. Edad  
Antigua*, 1887<sup>(2)</sup>.

O autor, na obra citada, preten-  
día facer unha análise de toda a nosa  
literatura que dividía en catro épocas  
ou idades:

“Edad antigua ó de los primeros  
cantos, hasta fines del siglo XII;  
Edad media ó de los trovadores,  
hasta terminar el siglo XV; Edad  
moderna ó de la decadencia, has-  
ta morir el siglo XVIII; Edad  
contemporánea ó del renacimien-  
to, hasta el preciso momento en  
que esta historia se escribe”.  
(I.120).

Sen embargo, e por razóns que  
descoñecemos, só foron publicados  
dous volumes, os dous corresponden-  
tes á idade antiga.

Aínda que a parte publicada é,  
dende o noso punto de vista, a menos  
interesante non por iso deixa de te-lo  
seu valor por se-lo primeiro intento de  
elaborar unha historia da nosa litera-  
tura e, sobre todo, polas considera-  
cións xerais que o autor, home ilustra-  
do do XIX, fai dela.

Os dous volumes coñecidos están  
conformados por tres partes ben dife-  
renciadas: unha caracterización da lin-  
gua galega, unhas consideracións glo-  
bais sobre a literatura e a análise dos  
primeiros monumentos literarios dos  
que se ten noticia na nosa lingua.

A caracterización lingüística, que  
aparece na introducción e ocupa 69  
páxinas (12-81) do primeiro volume,  
preséntanos ó seu autor como home ó  
tanto das correntes lingüísticas da  
época (sobre todo no tocante á gramá-  
tica comparada), dándono-la súa opi-  
nión sobre cuestións tan debatidas na  
época coma a consideración do galego  
como lingua ou dialecto, cal era a base  
do idioma, etc.

Na terceira parte, que ocupa as  
últimas páxinas do primeiro volume  
(120-174) e todo o segundo, analiza os  
considerados primeiros monumentos  
literarios en galego: canto á perda de  
España, o canto de Gonzalo Hormín-

guez, o de Egas Moñiz e o de Guesto Ansureas que canta as fazañas dos Figueroas.

Aínda que calquera destas dúas teñen indubidable valor para un arqueólogo da historia externa do galego e merecerían un estudio máis profundo, quererímonos centrar na segunda parte, a que comprende o “*Capítulo preliminar: Idea general de la literatura gallega*” (I.93-121) e que resulta ser unha breve introducción á literatura galega na que se tratan diversos temas relacionados coa súa historia e coa súa crítica.

No tocante á historia céntrase o autor en dous puntos principais: a orixe da literatura e a periodización da mesma.

A poesía popular (nas súas variantes de muíñeira, alalá, alborada, etc. —caracterizadas nas páxinas 85-95 do Vol. I) é, para o noso autor, o alicerce que sostén a posterior poesía, xa elaborada literariamente:

“Una vez conocidos esos primitivos e incorrectos cantares, aparecieron los más correctos cantos de la región galaica” (I.97).

Despois de establece-la orixe pasa o autor a analiza-lo proceso evolutivo que viviu a literatura. Este proceso aparece dividido en catro etapas, xa antes citadas, que, por extenso e metaforicamente, evolucionaron así:

“Nacieron nuestros primeros cantos en el momento aquel en que nacía, formada ya, la lengua de Galicia. (...) Hermosos y frescos como fresca y hermosa era la lengua, podía decirse que llevaban el candor y la ingenua travesura de la niñez (...) Los cantares del pueblo habían sembrado esperanzas (...) y no bien cantados los primeros, aparecieron otros más

artificiosos (...) Fogosa la savia joven de la poesía (...) olvidó el candor y la ingénu travesura y aun pudiera decir la inocencia maliciosa de los primeros años y se presentó revestida del fuego heróico, capaz de acometer las más grandes empresas (...). Pero llegó la pubertad y entonces (...) se dedicó con entusiasmo al amor, y aparecen los trovadores melenudos y llorones los unos, satíricos y mordaces los otros y todos ellos embriagados de ternura y de pasión (...).

Mucho duró la época de las *trovas, cántigas, decires y querellas*; pero al fin y á la postre se acabó la moda (...), que de hipertrofia ó cosa análoga faleció la poesía gallega, y en pos de su muerte vino un silencio tanto más triste cuanto mayor era la alegría que en otros tiempos reinaba (...).


Pero todo en el mundo acaba y el duelo acabó también (...) hará aproximadamente un siglo, volvió á reaparecer la poesía gallega más bulliciosa que nunca y más positivista que en otros tiempos” (I.101-103).

No tocante ós aspectos críticos son dous os que trata con máis detalle: a caracterización temática e a formal.

Tematicamente resume os temas que caracterizan a lírica galega en tres, “*Patria, Fides, Amor*”.

A *patria*, tema recorrente de calquera literatura, acentúase na nosa porque “los gallegos, poéticos ó prosáicos, sienten excesivo amor por el suelo en que han nacido”. (I.104).

A *fe* presenta a característica de introduci-las crenzas supersticiosas do pobo galego que “ni el adelanto de los tiempos, ni la decantada civilización



conquistaron disipar el rastro que tras de si dejaron las brujas y duendes a un enemigo malo, invisible..." (I.106).

O amor é de duas clases "el amor como pasión" e "un amor en el alma que nace con las criaturas (...) Libre de impuras pasiones, exento de desenfrenados apetitos é ignorante de lascivas flaquezas, preséntase sempre tranquilo y sosegado" (I.108). Para exemplificar este último emprega o poema de Rosalía "¡Padrón! ¡Padrón!".

Ó trata-lo tema da caracterización formal comeza por remitir ó lector a un libro de Retórica para os detalles técnicos (I.98). Con todo fai unha excepción para afirmar, seguindo a Santillana, Sarmiento e Faria, que os versos de arte maior "tienen en

Galicia su origen, ó mejor dicho, se emplearon por primera vez en España, en dialecto gallego" (I.98).

Segundo co mesmo tema, advirte que en Galicia, en cuestión de metros, "desde los primeros tiempos se usaron todos los conocidos y aun algunos que están por conocer (...) ciertas combinaciones famosas que no tienen nombre en las Retóricas publicadas hasta el día, combinaciones de doce, trece y aun catorce sílabas, en un solo verso, sin censura, y en armonía, sino perfecta, necesaria, con otros de cinco, seis y aun siete" (I.99).

Coñecer das profundas reservas que esta afirmación podería producir en determinados lectores, anticipase ós posibles comentarios cunha aceda, e ó tempo enxeñosa, resposta:

“Estoy viendo á más dun castellano literato torcer el gesto con desprecio al considerar la ignorancia de nuestros primeros trovadores, pero ¡vive Dios! que para detener en sus labios la sonrisa no habrá como citarle aquellos versos de Juan de la Encima que dicen:

Anoche de madrugada  
Ya después de mediodía  
Vi venir en romería  
Una nube muy cargada, etc.  
*No después de mucho rato*  
*Vi venir un orinal*  
*Puesto de Pontifical, etc.*

Y no sigamos por causa del mal olor”. (I.99-100)).

Á parte das consideracións citadas, as tres grandes liñas que, segundo o tudense, caracterizan a poesía galega son “la *espontaneidad*, la *sencillez* y la *ternura*” (I.104).

Despois desta pequena caracterización pasa o autor a compara-la poesía medieval coa do seu século. Entre as conclusións ás que chega hai que destaca-lo abandono do lirismo polo dogmatismo (I.116), a perda da espontaneidade en favor da reflexividade e a sencillez que “también se corrigió (...) y se vistió la poesía con el lujo atavío que había menester” (I.116).

Entre os cambios temáticos hai que salienta-la apertura de novos contidos, á parte dos xa mencionados, fe, amor e patria, para facer “inmortales (...) los ojos, la cara, los brazos, hasta las pantorillas de sus paisanas” (I.115).

Agora ben eses cambios, dende a perspectiva do autor, non degradaron a poesía galega “sino que en ocasiones llegaron a darle más realce” (I.117), ó

mesmo tempo que lle concedían novos matices e un ton especial.

Ó longo do estudio fálase constantemente da poesía, nunca da prosa. A explicación é tallante. A prosa está nun estado de “atraso e abandono” que non a fai apta para o “estilo elevado, siendo más adecuada al lenguaje familiar” (I.115).

Non queremos rematar sen transcribi-la valoración que o propio autor fai da obra na introducción:

“Esta historia no encajará bien en las simétricas proporciones y armoniosos perfiles del bello alcázar de nuestra literatura, pero no desconozco tampoco que las ideas aquí vertidas y los datos aquí sembrados podrá recogerlos algún día previsor artista y levantar, con su ayuda, gigantesco mauseoleo á los trovadores de la vetusta Suevia” (I.X).

Desgraciadamente, a non continuación da obra tronizou os desexos do seu autor e teremos que esperar ata 1903, ano da publicación da *Literatura Gallega del siglo XIX* de E. Carré Aldao, para termo-lo primeiro estudio parcial da literatura galega e aínda hoxe esperámo-la historia global da nosa literatura.

Velaquí un exemplo máis da triste historia dun pobo que dá “un paso adiante, outro atrás”.

#### NOTAS

- (1) Augusto G. Besada, *Historia crítica de la literatura gallega. Edad Antigua*, 2 vols., Tipografía da Voz de Galicia, A Coruña, 1887. Nas citas que fagamos da obra irán entre parénteses o volume, en números romanos, e a páxina, números arábigos.
- (2) Couceiro Freijomil, *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, 2.º vol., Bibliófilos galegos, Santiago, 1952, pp. 184-185.